



PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 10/07/2018

4. Mocións.....	3
4.1 10/MOC-000097 (0032737)	3
(0032737) Entrada da iniciativa.....	4
(0033268) Emendas dos grupos parlamentarios	6
(0033294) Emendas dos grupos parlamentarios	8
4.3 10/MOC-000099 (0032745)	9
(0032745) Entrada da iniciativa.....	10
(0033279) Emendas dos grupos parlamentarios	12
5. Proposicións non de lei ante o pleno.....	13
5.1 10/PNP-001875 (0026542)	13
(0026542) Entrada da iniciativa.....	14
(0033121) Emendas dos Grupos Parlamentarios	17
(0033277) Emendas dos Grupos Parlamentarios	19
(0033297) Emendas dos Grupos Parlamentarios	20
5.2 10/PNP-002252 (0030403)	22
(0030403) Entrada da iniciativa.....	23
(0033281) Emendas dos Grupos Parlamentarios	26
(0033283) Emendas dos Grupos Parlamentarios	28
(0033292) Emendas dos Grupos Parlamentarios	30
5.3 10/PNP-002399 (0031955)	32
(0031955) Entrada da iniciativa.....	33
(0033280) Emendas dos Grupos Parlamentarios	42
(0033290) Emendas dos Grupos Parlamentarios	45
(0033300) Emendas dos Grupos Parlamentarios	48
5.4 10/PNP-002415 (0032077)	49
(0032077) Inicio por recualificación.....	50
(0033301) Emendas dos Grupos Parlamentarios	52
5.5 10/PNP-002423 (0032222)	53
(0032222) Entrada da iniciativa.....	54
(0033276) Emendas dos Grupos Parlamentarios	61
(0033295) Emendas dos Grupos Parlamentarios	62
5.6 10/PNP-002434 (0032339)	64
(0032339) Entrada da iniciativa.....	65
(0033278) Emendas dos Grupos Parlamentarios	68
(0033284) Emendas dos Grupos Parlamentarios	70
(0033291) Emendas dos Grupos Parlamentarios	72
5.7 10/PNP-002469 (0032700)	74
(0032700) Entrada da iniciativa.....	75
(0033274) Emendas dos Grupos Parlamentarios	80
5.8 10/PNP-002484 (0032887)	83
(0032887) Entrada da iniciativa.....	84
(0033275) Emendas dos Grupos Parlamentarios	90
(0033293) Emendas dos Grupos Parlamentarios	92
(0033298) Emendas dos Grupos Parlamentarios	94

4. MOCIÓN.

4.1 10/MOC-000097 (0032737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Viloslada

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)



(0032737) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **moción** para substanciar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 20 de xuño de 2018, sobre a política do Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia (doc. núm. 31575).

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a acadar un acordo, no menor tempo posible, coas Organizacións Sindicais en materia de condicións de traballo e funcións das escalas de axentes forestais e medioambientais e de mellora organizativa e operativa das brigadas de defensa contra incendios forestais, para o período 2018-2020, que recolla polo menos os seguintes aspectos:

- 1.- Réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos, con especial atención á redución dos horarios de traballo ata igualalo ao resto do persoal da Xunta de Galicia, de xeito que permitan a conciliación da vida laboral, á compensación por gardas e ás axudas de custo por xornadas de traballo de 12 horas.
- 2.- Mellora do complemento específico, tomando como referencia as correspondentes escalas dos servizos de gardacostas.
- 3.- Segunda actividade, saúde laboral e programas de igualdade e conciliación.
- 4.- Réxime de uniformidade, armamento e medios de traballo.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 13:06
Nº Rexistro: 32737
Data envío: 22/06/2018 13:06:59.466



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5.- Realización dun regulamento de funcións xerais e específicas da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental, en materia forestal, de prevención, extinción e investigación de incendios e de conservación da natureza, biodiversidade e calidade ambiental.

6.- Modificación das relacións de postos de traballo para a inclusión da Escala de axentes técnicos en xestión medioambiental adscrita ao grupo B e a dotación nos Distritos forestais de postos específicos para investigación de incendios forestais.

7.- A creación das 30 prazas de nova creación comprometidas.

8.- Estrutura de carreira administrativa e promoción profesional.

9.- O aumento progresivo do período de actividade do actual persoal do SPDCIF de carácter fixo descontinuo, así como a necesaria creación de prazas anunciadas nas mesas de negociación.

Pazo do Parlamento, 22 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/06/2018 13:05:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 22/06/2018 13:05:18



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033268) Emendas dos grupos parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:56
Nº Rexistro: 33268
Data envío: 09/07/2018 13:56:18.428

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais e funcións dos axentes forestais e medioambientais de Galicia, **doc. núm. 32737 (10/MOC 000097)**.

Emenda de Adición.

Débense engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:

10. Cumprimento inmediato dos plans de acción da avaliación de riscos laborais.
11. Facer unha campaña institucional divulgativa sobre a labor que realizan os e as Axentes Medioambientais.
12. Facer públicas as estatísticas de infraccións e dilixencias xudiciais que realiza o Corpo de Axentes Medioambientais.
13. Habilitar un perfil oficial nas redes sociais como teñen outros corpos adscritos a Consellería de Medio Ambiente.
14. Habilitar un teléfono de atención o cidadán para denuncias medioambientais.
15. Integrar as e os axentes medioambientais no 112 de Galicia, xa que agora mesmo estase incumprindo por parte da Administración galega da Lei



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 13:56
Nº Rexistro: 33268
Data envío: 09/07/2018 13:56:18.428



17/2015 del Sistema Nacional de Protección Civil onde no seu artigo 17 o
cita expresamente.

16. Facilitarnos formación técnica e policial para o desenrollo das citadas
funcións na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) pero
principalmente na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 09/07/2018 13:55:34

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 13:55:43



(0033294) Emendas dos grupos parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:52
Nº Rexistro: 33294

Data envío: 09/07/2018 17:52:12.715

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Jacobo Moreira Ferro** ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á Moción** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/MOC-000097 (32737)**, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas **condicións laborais** e funcións dos **axentes forestais** e medioambientais de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31575, publicada no BOPG nº 316, do 06.06.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018).

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva da Moción, polo que segue a continuación:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir negociando coas organizacións sindicais a fin de acadar un acordo en materia de condicións de traballo e funcións das escalas de axentes forestais e medioambientais e de mellora organizativa e operativa das brigadas de defensa contra os incendios forestais para o período 2018-2020”.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2018 17:51:07

Jacobo Moreira Ferro na data 09/07/2018 17:51:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



4.3 10/MOC-000099 (0032745)

Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.
(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 31237, publicada no BOPG nº 312, do 30.05.2018, e debatida na sesión plenaria do 19.06.2018)



(0032745) Entrada da iniciativa



A MESA DO PARLAMENTO

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32745
Data envío: 22/06/2018 14:02:13.982

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción para a substanciación da Interpelación 10/INT-001040 (31237)**, sobre as actuacións da Xunta de Galicia destinadas a velar pola correcta prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo.

MOCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Retirar os expedientes disciplinarios iniciados contra as auxiliares de enfermería do Novo Hospital de Vigo polo conflito da roupa sucia.
- Negociar coa Xunta de Persoal do Novo Hospital de Vigo ás demandas e necesidades das traballadoras e traballadores.
- Remitir nun prazo non superior a un mes, os informes da Comisión Mixta de seguimento en relación á execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do Novo Hospital de Vigo.

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32745
Data envío: 22/06/2018 14:02:13.982



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/06/2018 13:59:07

Luis Villares Naveira na data 22/06/2018 13:59:16



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033279) Emendas dos grupos parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Moción** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación dos servizos de mantemento no novo hospital de Vigo (10/MOC-000099, doc. núm. 32745)

Emenda de modificación

Débese modificar o terceiro parágrafo da parte resolutiva da moción que quedará redactado co seguinte contido:

“ - Remitir aos grupos parlamentarios, nun prazo non superior a un mes, os informes da Comisión Mixta de seguimento en relación á execución ordinaria da prestación de servizos por parte da concesionaria do novo hospital de Vigo.”

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 09/07/2018 14:05:29

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 14:05:35



5. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

5.1 10/PNP-001875 (0026542)

Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García

Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto



PARLAMENTO DE GALICIA

(0026542) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado Antón Sánchez García e das súas deputadas Ánxelos Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente apareceron novas nos medios de comunicación sobre a posible venda do Pazo de Meirás por parte dos herdeiros do ditador Francisco Franco. Iso podería significar que os Franco se lucren de novo, ingresando varios millóns por un patrimonio roubado ao pobo de Meirás.

Defenderemos todas as vías necesarias para que isto non aconteza e se logre a incorporación do Pazo ao patrimonio público a custo cero.

A urxencia da situación obriga a que os poderes públicos, así como as distintas mesas e xuntas (a constituída pola Xunta e a promovida pola Deputación) definan e precisen canto antes, e á maior brevidade, cal é a estratexia xurídica e procesual para acadar tal obxectivo de incorporación a tal custo cero para as arcas públicas.

En cumprimento da resolución acordada polo Pleno do Parlamento de Galicia polo que se instaba á Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para



o pobo de Galicia, o pasado 29 de novembro constituíuse unha Comisión de Expertos.

Dita comisión tivo tres sesións de traballo e prevese, no mellor dos casos, que estean rematados os traballos e presentadas as conclusións ao fío do verán.

Do mesmo xeito, a Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación da Coruña ,desde a súa constitución, ten celebrado varias xuntanzas e encargado varios estudios, inclusive xurídicos, ao respecto.

En efecto, A Xunta coñece perfectamente o réxime de tutelas e garantías en suposto de transmisión dun BIC, como tamén é coñecedora da vergoña da detención polos herdeiros do ditador da propiedade do Pazo polo que a urxencia da situación non admite dilacións nin demoras en precisar cando e como o Pazo de Meirás pode pasar a patrimonio público, así como os efectos legais derivados da, no seu caso, nulidade da adquisición da propiedade por Francisco Franco sobre a venta anunciada agora.

Neste contexto a axilidade nas actuacións é fundamental para chegar a tempo ás posibles solucións xurídicas que xurdan do traballo das comisións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que a partir dos traballos da Comisión de expertos para a recuperación do Pazo de Meirás, que debe de ser convocada de xeito urxente, aclare e defina a estratexia de cando e como se vai poder acadar o obxectivo da incorporación gratuíta do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/02/2018 12:53
Nº Rexistro: 26542
Data envío: 20/02/2018 12:53:11.342



Asdo.: Ánxel Cuña Bóveda,

Luca Chao Pérez,

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 20/02/2018 12:49:20

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 20/02/2018 12:49:28

Luca Chao Pérez na data 20/02/2018 12:49:36



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033121) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:35
Nº Rexistro: 33121
Data envío: 04/07/2018 10:35:54,763

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e das súas deputadas **Anxeles Cuña Bóveda** e **Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. de En Marea num. 26542 (10/PNP 001875)**, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 10 e 11 de xullo de 2018.

Débese substituír o texto resolutivo polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro.- Demandar da Administración Xeral do Estado a que, á vista dos informes elaborados pola Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás e Comisión de Expertos, e en exercicio da súa lexitimación activa, interpoña as accións xudiciais reivindicativas oportunas dirixidas ao obxectivo de incorporar o Pazo-Torres de Meirás ao Patrimonio público, para o seu posterior uso conveniado como espazo da memoria histórica democrática de Galicia.

Segundo.- Persoarse en dito procedemento xudicial no momento procesual oportuno, e na condición de parte coadxuvante adhesiva.

Terceiro.- Dar traslado do seguinte acordo, así como dos informes e documentación referidos anteriormente, á Administración Xeral do Estado, Congreso, Senado e grupos parlamentarios das Cortes Xerais.”



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2018 10:35
Nº Rexistro: 33121**
Data envío: 04/07/2018 10:35:54.763

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea

Anxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 04/07/2018 10:33:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/07/2018 10:33:58

Luca Chao Pérez na data 04/07/2018 10:34:05



(0033277) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento



Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuito (doc. núm. 26542).

Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal civil dirixida a reivindicar o Pazo de Meirás como ben demanial da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público, seguindo o informe da Comisión de Expertos sobre o Pazo de Meirás nomeada pola Xunta de Galicia e á vista das consideracións histórico – xurídicas do informe da Xunta Pro – Devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación provincial de A Coruña.
2. Incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.”

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 13:58:12

(0033297) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **26542 [10/PNP-001875]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa consecución do obxectivo de incorporar o Pazo de Meirás ao patrimonio público de xeito gratuíto, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de xullo de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.



**OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Recoñecer o importante traballo que se resume tanto do informe realizado polo encargo da Deputación da Coruña e a Xunta Pro-Devolución do pazo de Meirás e polo informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e instar á Xunta de Galiza a remitir este informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen todas as accións necesarias para a recuperación -sen ningún custe para as administracións públicas- dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 16:39:03



5.2 10/PNP-002252 (0030403)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Noela Blanco Rodríguez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA

(0030403) Entrada da iniciativa

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos

A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, publicada no DOG do 25 de abril de 2014, trátase da primeira norma dunha comunidade autónoma que ampara a diversidade sexual e establece medidas concretas para protexer as distintas manifestacións da sexualidade.

A lei parte da premisa de que a sociedade galega ofrece un grao de aceptación moi elevado ás distintas formas de orientación sexual e de identidade sexual, e é maioritariamente consciente da necesidade de erradicar calquera forma de discriminación por esta causa. Así, o texto normativo persegue garantir a igualdade de trato e combater a discriminación das persoas por razóns de orientación sexual e identidade de xénero, eliminando calquera indicio de desigualdade que se poida apreciar no campo do ensino, das relacións laborais, da cultura, da saúde, do deporte e, en xeral, no acceso a calquera ben ou servizo. Tamén impón aos poderes públicos de Galicia o establecemento dun diálogo fluído e unha colaboración coas entidades LGTBI.

Ademais, todo o citado acompaña de medidas específicas de concienciación e sensibilización social en temas como a igualdade, a dignidade e o respecto das persoas con independencia da súa orientación ou da súa identidade sexual.

A partir destes mandatos xerais, entra a regular medidas máis específicas, nos seguintes ámbitos: policial e de xustiza, laboral, familiar, de saúde, de educación, cultura e lecer, deporte, mocidade e



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:18
No Rexistru: 30403

Data envío: 03/05/2018 17:18:40,204



■ Grupo Parlamentario

comunicación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A pesar do compromiso político que supón a aprobación desta lei impulsada polos socialistas, e que non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, o certo é que a miúdo nos atopamos con graves problemas de discriminación polo feito de ser LGTBI para moitas persoas, na súa relación coas administracións públicas, no ámbito educativo, sanitario, na rúa, nos xulgados ou nos medios de comunicación.

Durante estes anos de vixencia, tal e como teñen denunciado en numerosas ocasións as entidades LGTBI, o Goberno galego incumpriu moitos dos compromisos dispostos nesta norma, entre eles a disposición adicional na que se lle insta a de maneira trianual, remitir un informe ao Parlamento de Galicia sobre a aplicación da presente lei, unha avaliacián que leva xa un ano de retraso.

Unha vez celebrado xa o cuarto aniversario da súa promulgación, non coñecemos tampouco ningún proxecto do seu desenvolvemento regulamentario, nin actuacións políticas do Goberno galego que amosen o máis mínimo interese en impulsala.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transxuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*.
2. Remitir á Cámara galega antes de 3 meses, un informe sobre a aplicación desta lei.



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/05/2018 17:18
No Rexistru: 30403**



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Consensuar antes de que remate o ano o desenvolvemento da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais* coas organizacións LGTBI galegas e as demais administracións implicadas.

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 03/05/2018 17:16:33

Julio Torrado Quintela na data 03/05/2018 17:16:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2018 17:16:46



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033281) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (10/PNP-002252, doc. núm. 30403)

Emenda de modificación

Débese modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“2. Remitir á Cámara galega antes de tres meses, un informe exhaustivo, valorando o grado de cumplimiento de cada un dos artigos contidos na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato.”

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 09/07/2018 14:03:47



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33281**

Data envío: 09/07/2018 14:15:12.199



■ Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 14:03:54

Partido dos
Socialistas
de Galicia



(0033283) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTAR

Á MESA DO PARLAMENTO



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:51
Nº Rexistro: 33283**

Data envío: 09/07/2018 16:51:02.816

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de engádega á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia núm. 30403 (10/PNP-0002252)**, incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 10 e 11 de xullo de 2018.

Emenda de engádega:

Débese engadir ao remate do punto 2. o seguinte texto:

"que se limite a explicar detalladamente as actuacións impulsadas pola Xunta para dar cumprimento á lei 2/2014, evitando literatura complementaria que nada teña que ver coa exposición das actuacións concretas realizadas polo Goberno e os seus resultados."

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 09/07/2018 16:49:41



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:51
Nº Rexistro: 33283
Data envío: 09/07/2018 16:51:02.816



Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 16:49:52



(0033292) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **30403 [10/PNP-002252]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento, a aplicación e o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de xullo de 2018.

Emenda de modificación

Modificar o punto 2 que quedaría redixido co seguinte texto:

“2. Nos Orzamentos para 2019 incluirá unha partida orzamentaria específica con recursos económicos suficientes para o desenvolvemento da Lei 2/2014 en todos os ámbitos que esta contempla.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:43
Nº Rexistro: 33292
Data envío: 09/07/2018 17:43:12.173



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 09/07/2018 13:23:28

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 13:23:36



5.3 10/PNP-002399 (0031955)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - Carmen Santos Queiruga
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda
Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez
Grupo Parlamentario de En Marea - José Manuel Lago Peñas
Grupo Parlamentario de En Marea - Julia Torregrosa Sañudo
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Vázquez Verao
Grupo Parlamentario de En Marea - David Rodríguez Estévez
Grupo Parlamentario de En Marea - Eva Solla Fernández
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Magdalena Barahona Martín

Sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0031955) Entrada da iniciativa



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamento de En Marea, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Ánxelos Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez, Manuel Lago Peñas, Julia Torregrosa Sañudo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández, Paula Quinteiro Araújo e Magdalena Barahona Martín ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Exposición de motivos.

Tras unha catástrofe como a ocorrida en Paramos (Tui) urxe en primeiro lugar esixir das institucións con responsabilidades de goberno que exerzan as súas competencias, que acompañen á poboación afectada e cubran as súas necesidades esenciais.

Agora o urgente é que a Xunta ampare nos seus dereitos ás vítimas e que o faga e de xeito integral. A actuación da Xunta debe ser a forma en que toda a sociedade galega traslade a súa solidariedade coa veciñanza de Paramos.

Pola contra, e dúas semanas despois da explosión, a Xunta de Galicia está amosando a súa incapacidade para xestionar unha catástrofe ben concreta e localizada, o que evidencia a súa incompetencia, que se traduce nun abandono da poboación á súa sorte, algo inaceptable para En Marea.



Por estas razóns, e tras escoitar activamente as necesidades da veciñanza, dende En Marea presentamos a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a incorporar as seguintes medidas no Decreto de axudas no que se materialice a actuación da Xunta de Galicia:

1.- DANOS PARTICULARES

1.1. Indemnizaciós ás persoas falecidos. As indemnizaciós por falecidos equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.

1.2. Danos persoais. Persoas lesionadas. As indemnizaciós por falecidos equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.

1.3. Asistencia psicolóxica ás vítimas.

1.3.1. Inmediata dotación de persoal especializado en asistencia psicolóxica no centro de saúde de TUI e o desenvolvemento dun plan de atención psicolóxica na contorna de Paramos.

1.3.2. Plan de catástrofes (denominado tecnicamente incidente de múltiples víctimas). Aprobación inmediata do Plan de Catástrofes do Hospital Álvaro Cunqueiro.



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



1.4. Danos materiais.

1.4.1. Danos en inmobilés.

- **Vivenda habitual:** Modificación da proposta neste sentido: Cobertura do 100% do valor de reposición demostrado, sen límite referenciado na VPO.
- **Vivenda non habitual.** Modificación da proposta neste sentido: Cobertura do 100% do valor de reposición demostrado, sen límite referenciado na VPO.
- **Sobre a situación urbanística das vivendas:** Primacía na reposición previa dos inmobles sobre a súa situación de adecuación urbanística. En todo caso, o procedemento de reconstrucción debe ser obxecto de planificación pública para a coordinación de todo o lugar.

1.4.2. Danos en bens das parcelas e o interior das vivendas:

- **Enxoaval :** modificación da proposta neste sentido: 100% do valor de reposición demostrado, sen límite de 3000 €, se o demostrado é maior.
- **Danos de instalacións complementarias:** modificación da proposta neste sentido: 100% do valor de reposición demostrado, sen límite de 3000 €, se o demostrado é maior.



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



- **Acreditación do valor:** non se esixirán tres orzamentos para bens de escaso valor comercial ou de difícil disponibilidade do mercado, tal como se fixo no Decreto dos lumes, que imposibitou o aboamento de moitos bens queimados, nomeadamente ferramentas e cargas de leña.

1.4.3. Desentullo.

A xunta asuma as labores de desentullo, e realizarao mediante a adxudicación da obra mediante concurso, cuxas características de contratación consideren, cando menos, as seguintes circunstancias:

- Rescate de efectos persoais e de valor sentimental, nun contexto de seguridade e saúde no traballo e para as persoas afectadas;
- con reaproveitamento para a reconstrucción dos materiais nobres servibles (cachotes de pedra, vigas, etc.)

1.4.4. Cuestiós procedimentais.

- Asunción de todos os custos pola Administración, con **subrogación** da acción directa fronte a aseguradora;
- **Prazos de reclamación** de 60 días, con inicio da tramitación a medida que se vaian presentando, dando a modalidade de axuda establecida, para axilizar os cobros e o inicio da reconstrucción.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



- **Oficina de reclamacións.** Incorporarase de xeito inmediato a seguinte dotación:

- gabinete de asesoramento técnico (arquitectos ou arquitectos técnicos) para ir adiantando trámites e dar ordes executivas para neutralizar riscos para as persoas ou bens.
- Gabinete xurídico para asesorar sobre aspectos legais das intervencións que son preciso realizar (reconstrucción dos títulos de propiedade e outros dereitos, licenzas precisas..).

- **Tramitación de axudas.** Articularase a simultánea tramitación de intervencións de gran recorrido (reconstrucción integral) coa reposición de elementos (fiestras, retellado etc).
- **bolsas de empresas colaboradoras.** Concello e Xunta crearán unha bolsa de empresas de diferentes oficios, de xeito indicativo e non exhaustivo, para facilitar ás persoas afectadas o encargo das reparacións.
- **Celeridade nos trámites:** A xunta axilizará ao máximo posible a tramitación dos procedementos, en materia de licenzas e autorizacións, para o comezo das obras de rehabilitación e reconstrucción, con disposición de persoal adicional, se preciso fose, para garantir o cumprimento escrupuloso de prazos.



- Xestión conxunta e integrada de trámites na subministración de determinados servizos e bens de consumo. A Xunta realizará a xestión marco para facilitar a baixa de servizos nas seguintes áreas:

- a baixa temporal de todos os servizos públicos e a exención do pago, unha vez que pasan pola oficina de reclamación (IBI; Lixo..);
- E nas privadas, tamén, que se dispense da individualización da xustificación (auga, luz, telefonía), mediante a comunicación entre Xunta e o regulador de cada sector.

1.4.5. Obrigas tributarias. Evitarase como requisito a obriga dos cidadáns/ás de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias para o acceso ás axudas.

1.4.6. aloxamento provisorio.

1.4.6.1. Indemnizaranse os gastos ocasionados polo aloxamento a hoteis e albergues que abriron voluntariamente as súas portas á veciñanza.

1.4.6.2. Poñerase á disposición da veciñanza da vivenda pública baleira que poda existir no Concello titularidade da Xunta e facilitarase a localización de inmobles dispoñibles para o realoxamento provisional das persoas afectadas.



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



1.4.7. Vehículos. Valoraranse os vehículos consonte o custo efectivo de reposición.

1.4.8. Outras circunstancias de animais en réxime de explotación de autoconsumo. Reclamamos que sexan valoradas coma no Decreto dos lumes.

2. - DANOS PROFESIONAIS

2.1 Establecementos profesionais ou industriais, negocios. Realizarase a reposición dos locais de negocio no lugar anterior á explosión.

3.- COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA NA RECONSTRUCIÓN DA ZONA ARRASADA.

3.1. Instarase de xeito urgente a colaboración entre administracións (autonómica, provincial e local) para unha **reconstrucción modélica** da zona arrasada, presidida polo interese público. Neste sentido propoñemos tres eixos complementarios:

3.1.1. **Reurbanización integral.** Mellora e dotación de servizos urbanísticos, en colaboración coa Deputación, que ten o fondo dispoñible (deber do Concello), e en colaboración coa Consellería de vivenda IGVS. A finalidade é a reposición, mellora ou establecemento de servizos públicos (rede de suministro de augas e evacuación de pluviais e fecais; camiños



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955**
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



públicos, alumeados, integrado conforme os criterios descritos na LSG e na normativa municipal).

3.1.2. **Asesoría ambiental e urbanística** na reconstrucción das vivendas, para mellora da habitabilidade e eficiencia enerxética.

3.1.3. **Intervención de servizos sociais** para solventar a mobilidade, verificar a acollida dos orfos, e garantir a inclusión social de toda a veciñanza, mesmo na distribución das axudas.

3.2. A Xunta abrirá unha liña de diálogo co Estado para a **activación dos fondos de continxencia** a que houbase lugar para complementar as liñas orzamentarias dispostas polas administracións galega provincial e local.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/06/2018 14:58:23

Antón Sánchez García na data 06/06/2018 14:58:36

Carmen Santos Queiruga na data 06/06/2018 14:58:42

Paula Vázquez Verao na data 06/06/2018 14:58:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/06/2018 14:58:51

Eva Solla Fernández na data 06/06/2018 14:58:54



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 31955
Data envío: 06/06/2018 15:00:30.576



Luca Chao Pérez na data 06/06/2018 14:58:58

Paula Quinteiro Araújo na data 06/06/2018 14:59:01

Magdalena Barahona Martín na data 06/06/2018 14:59:04

José Manuel Lago Peñas na data 06/06/2018 14:59:08

Francisco Casal Vidal na data 06/06/2018 14:59:11

David Rodríguez Estévez na data 06/06/2018 14:59:14

Marcos Cal Ogando na data 06/06/2018 14:59:17

Julia Torregrosa Sañudo na data 06/06/2018 14:59:20



PARLAMENTO DE GALICIA

(0033280) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia e Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto (10/PNP-002399, doc. núm. 31955)

Emenda de modificación.

Débese modificar o punto 1.2. da parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

“1.2. As indemnizacións por danos persoais e lesións equipararanse ás do decreto dos lumes do mes de outubro.”

Emenda de adición.

Débense engadir dous novos parágrafos despois do apartado 1.4.1. da parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:

1.4.1. bis.- Colaborar co Concello de Tui para a incorporación de profesionais ao gabinete urbanístico, para prestar asesoramento tanto técnico como xurídico, tendo en conta que á Xunta de Galicia dispón de recursos humanos en materia de urbanismo dos que outras administracións carecen por non ter competencias neste ámbito.

1.4.1. ter.- Apoiar a execución das figuras urbanísticas propias do concello, con especial incidencia co que ten que ver co ámbito competencial da administración autonómica.”



PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
No Rexistre: 33280

Data envío: 09/07/2018 14:14:44.089



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Emenda de adición.

Débese engadir un novo parágrafo despois do apartado 1.4.3. na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

1.4.3. bis.- “Realizar os informes preceptivos para a realización dun estudio de xestións de residuos previo a realización do desentullo da zona afectada debido á presenza de contaminación por amianto.”

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto despois do punto 3.1. que quedará redactado co seguinte contido:

3.1.bis.- “Establecer unha liña singular de financiamento a favor do Concello de Tui para poder compensarlle cando menos parte dos gastos derivados das diversas actuacións realizadas pola catástrofe acontecida.”

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto que quedará redactado co seguinte contido:

4.- A Xunta de Galicia, de xeito periódico, e cando menos trimestralmente, realice e remita ao Parlamento de Galicia un informe ao respecto da situación do estado das axudas e actuacións levadas a cabo en relación con esta catástrofe.”



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
No Rexistre: 33280

Data envío: 09/07/2018 14:14:44.089



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo.: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 09/07/2018 14:06:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 14:06:09

(0033290) Emendas dos Grupos Parlamentarios



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:31
Nº Rexistro: 33290
Data envío: 09/07/2018 17:31:36.285

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro Luís Villares Naveira ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas á Proposición non de lei do G.P. de En Marea, doc. nº 31955 (10/PNP 002399), sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha pirotecnia en Paramos, no concello de Tui, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 10 e 11 de xullo de 2018.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Dous meses despois da explosión de Tui, a administración ten feito algúns avances na atención das necesidades das vítimas da explosión de Paramos polo que, tras reunirnos ata o momento en tres ocasións coa Plataforma de afectados e numerosa veciñanza que a título particular se ten posto en contacto con nós, axustamos a listaxe de necesidades más importantes a día de hoxe, 9/7/2018, co obxecto de que o debate político sexa o máis real e preciso consonte o momento en que ten lugar.

Doutra banda, xa que a cámara onde se debate esta proposta é o Parlamento de Galicia, tanto a iniciativa como esta emenda gravitan sobre as competencias da Xunta de Galicia, sen prexuízo das referencias á colaboración interadministrativas Estado-Concello-Deputación ás que nos referimos no apartado 3.

Isto implica que poden existir ámbitos onde a CA deba colaborar con outras administracións, que estamos dispostos a debater, sempre que non busque a



exención da responsabilidade que á Xunta de Galicia lle corresponde como principal institución garante do autogoberno e benestar da cidadanía de Galicia, e tamén, polo tanto da veciñanza de Paramos e o concello de Tui.

É por isto que o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte ACTUALIZACIÓN de contidos en relación á iniciativa presentada:

Emenda núm. 1 de supresión:

Dos apartados:

- 1.4.2. completo (bens en parcelas e interior das vivendas)
- 1.4.6. completo (aloxamento provisorio)

Emenda núm. 2 de engádega:

Dun novo apartado, co seguinte texto:

“1.4.5. BIS. Deducción da obriga tributaria do pago do tramo autonómico do IRPF ata un máximo das contías polas que se produciu a cuantificación de danos non resarcibles noutros conceptos en relación ás persoas afectadas pola explosión.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:31
Nº Rexistro: 33290
Data envío: 09/07/2018 17:31:36.285



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 17:30:43



(0033300) Emendas dos Grupos Parlamentarios



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 18:25
Nº Rexistro: 33300

Data envío: 09/07/2018 18:25:42.066

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Moisés Rodríguez Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno**, do Grupo Parlamentario de En Marea, **10/PNP-002399 (31955)**, sobre as medidas que debe inserir o Goberno galego no Decreto de axudas para paliar os danos causados pola explosión dunha **pirotecnia** en Paramos, no concello de **Tui**, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

“O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar da Administración Xeral do Estado e da Deputación Provincial de Pontevedra que, en aplicación dos mecanismos de coordinación e cooperación entre administración públicas, destinen fondos extraordinarios e adicionais aos xa previstos nos seus orzamentos vixentes que complementen as axudas postas en marcha pola Xunta de Galicia para paliar os danos causados pola explosión de material pirotécnico na parroquia de Paramos, no concello de Tui”.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2018 18:24:09

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/07/2018 18:24:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



5.4 10/PNP-002415 (0032077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María de la Concepción Burgo López

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Juan Manuel Díaz Viloslada

Sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

(0032077) Inicio por recualificación



Grupo Parlamentario



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32077**

Data envío: 07/06/2018 19:16:03.295



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Pleno do 19 de decembro de 2017 aprobouse a Lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, publicada no DOG o 2 de xaneiro de 2018, Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

No trámite desta lei, o Grupo Parlamentario Socialista presentou unha emenda que citamos textualmente:

“Emenda nº43, de adición. Disposición derradeira cuarta

Debese engadir unha nova disposición derradeira cuarta bis, que terá o seguinte contido:

Disposición derradeira cuarta bis.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma publicará nun prazo máximo de seis meses, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual.”

A dita emenda foi rexeitada polo Partido Popular, grupo maioritario nesta Cámara.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:



Grupo Parlamentario

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que no prazo máximo de seis meses elabore, previo informe da Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 7 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/06/2018 19:12:46

Maria de la Concepción Burgo López na data 07/06/2018 19:12:55

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/06/2018 19:13:09

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 07/06/2018 19:13:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/06/2018 19:13:25



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033301) Emendas dos Grupos Parlamentarios



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 18:26
Nº Rexistro: 33301**

Data envío: 09/07/2018 18:26:10.801

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa do deputado **Alberto Pazos Couñago**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda á proposición non de lei en Pleno**, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, **10/PNP-002415 (32077)**, sobre a elaboración polo Goberno galego, logo de informe da comisión correspondente, dun novo **catálogo de espectáculos** públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual.

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento da Galicia insta á Xunta de Galicia para que no prazo máximo de seis meses desde a constitución da Comisión de Espectáculos Públcos e Actividades Recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia elabore, previo informe da mesma, un novo catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas adaptado á realidade actual".

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/07/2018 18:24:51

Alberto Pazos Couñago na data 09/07/2018 18:24:59



5.5 10/PNP-002423 (0032222)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público



(0032222) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre ocupación simbólica do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O pasado 30 de agosto de 2017 un grupo de persoas, galegas e gallegos demócratas, militantes nacionalistas, sindicalistas, activistas sociais, culturais, da memoria... realizaron unha acción pacífica e simbólica, consistente en despregar dúas faixas no pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego, de todas as galegas e gallegos. Pretendían deste xeito, instar as institucións públicas que realmente teñen capacidade para o facer, a abandonaren a pasividade e a actuaren para rescatar o pazo e todo o patrimonio espoliado polo ditador Francisco Franco.

Tratouse unha acción pacífica, realizada nun día de visita pública, en que a obriga da familia detentadora do pazo era telo abierto ao público como corresponde a un patrimonio declarado como Ben de Interese Cultural. A acción durou aproximadamente 2 horas e todas as persoas que participaron nela abandonaron o



edificio e o recinto do pazo en presenza de axentes da Garda Civil da mesa maneira pacífica, sen ningún tipo de incidente nin de dano ao patrimonio.

Esta ocupación simbólica de Meirás, que tivo repercusión internacional, reactivou o debate social e político sobre a recuperación do pazo e obrigou as institucións públicas a se manifestar e a actuar más decididamente ou comezar a facelo, segundo os casos. É notorio que mesmo o Partido Popular, que nunca manifestara ningún interese polo patrimonio espoliado polos Franco, tivo que asumir -sequera formalmente- no Parlamento da Galiza o obxectivo de recuperar Meirás para o pobo galego.

2. No pasado mes de maio, 19 das persoas participantes nesta acción pacífica e simbólica, tiveron coñecemento, a partir dunha notificación do Xulgado de Betanzos, de que foron denunciadas pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez-Bordiu Franco, neto do ditador. Os delitos de que os acusan son os que se enumeran a seguir:

- Violación de morada, co agravante de violencia ou intimidación, que segundo o Código Penal español está penado con prisión dc 1 a 4 anos;
- Delito contra o honor con publicidade, penado con 6 meses a 2 anos ou multa de 12 a 24 meses;
- Danos, na modalidade agravada, penado con prisión de 1 a 3 anos e multa de 12 a 24 meses; e
- Delito de odio, penado con prisión de 1 a 4 anos e multa de 6 a 12 meses.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



Cómpre ter en conta que os delitos polos que son acusados por unha Fundación que realiza apoloxía do fascismo e da Ditadura, e pola filla e neto do ditador suman, no mínimo, 3 anos e 6 meses e poderían chegar até os 13 anos de prisión para cada unha das persoas denunciadas, para alén de multa nunha cantidade indeterminada. Polo tanto, poderían sumar en conxunto até 247 anos de prisión e por volta de medio millón de euros de multa.

3. Estamos diante dunha denuncia que é unha verdadeira barbaridade do punto de vista tanto político canto xurídico. Politicamente resulta absolutamente ferinte que os bens espoliados polo ditador continúen nas mans da súa familia e non tivesen pasado ao patrimonio público no final da ditadura. A permanencia desas propiedades na familia Franco simboliza magnificamente a continuidade das estruturas de poder real da ditadura -quer no ámbito económico, no xudicial, no mediático e mesmo en moitos aspectos no político- que foron herdadas polo réxime de 78 aínda vigorante e que produciron unha democracia de moi baixa calidade que fai que, 40 anos despois, no Estado español se continúe perseguindo a liberdade de expresión e encarcerando persoas polas súas opinións e polas súas ideas políticas.

Mais é especialmente ferinte para as vítimas do franquismo, aínda non restituídas na súa dignidade individual e colectiva polo Estado. Lembremos que estamos a falar dunha actuación criminal, dun golpe de estado que provocou millares de mortos na Galiza, unha guerra de tres anos e unha ditadura brutal que cerceou a liberdade e os dereitos no Estado español durante 40 anos. Rescatar o Pazo de Meirás, a Casa de Cornide e as estatuas do Pórtico da Gloria é, nesa medida, unha incontornábel esixencia democrática e unha maneira de fazer xustiza ás vítimas directas do espolio e á totalidade de vítimas do franquismo. É, por tanto, tamén unha magnífica forma de restituír a memoria democrática e a dignidade colectiva.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a acusación é sobre todo unha barbaridade do punto de vista xurídico. En primeiro lugar porque a acción simbólica foi levada a cabo nun día previsto como de visita, polo que difficilmente poderá considerarse violación de morada entrar nun edificio que ese día está aberto ao público. Non houbo, aliás, ningún tipo de violencia e durante o transcurso da acción non se produciu ningún dano.

Por último, resulta insultante que unha Fundación que se dedica a realizar apoloxía do fascismo e da ditadura (para máis vergoña democrática, con diñeiro público atribuído polo Goberno español) e que nos días previos á acción manifestou publicamente que o seu obxectivo coas visitas era 'exaltar' a figura do ditador acuse persoas demócratas dun delito de odio ou de atentado contra o honor. É o mundo ao revés.

4. Así pois, as acusacións feitas carecen de fundamento e o lóxico e xusto é que finalmente a acción realizada sexa considerada como o que realmente foi: un acto pacífico e democrático para expresar e defender unha posición compartida por todas as persoas demócratas deste país. Un acto, en definitiva, que debe ser entendido dentro do ejercicio democrático da liberdade de expresión.

Con todo, resulta preocupante que unha Fundación que non debería existir - que non podería existir legalmente en ningún outro Estado europeo- e a familia do ditador que se aproveita e beneficia do botín de guerra, realicen acusacións tan graves e infundadas.

Isto só se pode entender no contexto político e xudicial imperante nestes anos, en que a elite política e económica se sabe amparada e protexida por unha administración de xustiza que non foi democratizada no fin da ditadura e que tivo



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222**
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



**OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórces, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

plena liberdade para se reproducir nas mesmas claves ideolóxicas. Moitas decisións xudiciais e sentenzas que se ditaron nos últimos tempos, claramente contra a liberdade de expresión e de opinión, foron certificando que a xustiza no Estado español nin é '*igual para todos*' -como sempre predican-, nin é independente e que cando é preciso actúa ao ditado dos intereses do réxime.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expressar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interpuesta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expressar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apolloxa do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Apoiar as iniciativas que deben realizar as institucións públicas para a recuperación dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/06/2018 13:25:29

María Montserrat Prado Cores na data 11/06/2018 13:25:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/06/2018 13:26
Nº Rexistro: 32222
Data envío: 11/06/2018 13:26:59.109



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 11/06/2018 13:25:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/06/2018 13:25:38

Olalla Rodil Fernández na data 11/06/2018 13:25:39

Noa Presas Bergantiños na data 11/06/2018 13:25:40



(0033276) Emendas dos Grupos Parlamentarios

 Grupo Parlamentario



Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público (doc. núm. 32222).

Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal civil dirixida a reivindicar o Pazo de Meirás como ben demanial da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público, seguindo o informe da Comisión de Expertos sobre o Pazo de Meirás nomeada pola Xunta de Galicia e á vista das consideracións histórico – xurídicas do informe da Xunta Pro – Devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación provincial de A Coruña.
2. Incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.”

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 13:57:59

(0033295) Emendas dos Grupos Parlamentarios


PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33295
Data envío: 09/07/2018 18:11:45.894



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **32222 [10/PNP-002423]**, do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto do apoio a iniciativas relacionadas coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de xullo de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expresar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.

2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.

3. Expresar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.



 PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 18:11
Nº Rexistro: 33295
Data envío: 09/07/2018 18:11:45.894



 OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Recoñecer o importante traballo que se resume tanto do informe realizado polo encargo da Deputación da Coruña e a Xunta Pro-Devolución do pazo de Meirás e polo informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e instar á Xunta de Galiza a remitir este informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen todas as accións necesarias para a recuperación -sen ningún custe para as administracións públicas- dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 17:36:06



5.6 10/PNP-002434 (0032339)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpeña
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Núvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jacobo Moreira Ferro
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin

(0032339) Entrada da iniciativa



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32339**

Data envío: 12/06/2018 19:29:10.299

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados **Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Marta Nóvoa Iglesias, Jacobo Moreira Ferro e Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

Durante os últimos dous anos, o Goberno de España veu reiterando sistematicamente o seu compromiso de finalizar as obras da alta velocidade entre Galicia e Madrid no prazo anunciado de finais de 2019.

Así o salientaron tanto Mariano Rajoy, sendo presidente do Goberno, como Iñigo de la Serna, como ministro de Fomento, nas visitas que realizaron a Galicia, onde reiteraron que todos os treitos están avanzando conforme o previsto.

Ademais, ambos confirmaron que o tramo entre Zamora e Pedralba entrará en servizo neste ano 2018 e permitirá acortar en 30 minutos o tempo de viaxe entre Madrid e Galicia. Ese treito poñerase en funcionamento cando conte coa correspondente autorización da Axencia de Seguridade Ferroviaria.

Pola súa banda, o Goberno galego veu exercendo un labor de permanente e rigorosa vixilancia sobre a evolución das obras, con diálogo constante cos máximos responsables do Ministerio e do Adif co obxectivo de velar polo cumprimento dos prazos comprometidos.

Segundo informou o Adif no pasado mes de maio, as obras do AVE galego avanzan ao ritmo necesario e conforme a un cronograma claro que permitirá chegar a tempo e ter rematados os traballos no prazo comprometido. O Adif ten manifestado que dispón de recursos económicos suficientes e que traballa cun calendario que asegura o cumprimento do prazo de 2019.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32339**

Data envío: 12/06/2018 19:29:10.299

Tamén o Ministerio de Fomento reiterou de forma clara nos últimos meses o seu compromiso de que o AVE entre Galicia e Madrid estea funcionando en probas a finais do ano 2019.

A chegada da alta velocidade a Galicia é un compromiso de país irrenunciable e polo tanto, a Xunta exerce o seu obrigado papel de vixilancia dos investimentos nesa obra pública.

Mais as dúbdidas xeradas nalgunhas das declaracíons feitas por responsables políticos do Partido Socialista, que ostenta agora o Goberno de España, fai necesario que este Parlamento reforce este compromiso de país, reiteradamente exposto, e que o Goberno Galego manteña as súas demandas e esixencias ante o Goberno de España para que o AVE a Galicia se remate nos prazos comprometidos

É por iso que os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno do Estado para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo que estea funcionando en probas no ano 2019, tal e como tiña comprometido o anterior Executivo estatal.

2.- Trasladar ao Goberno do Estado que a finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia no prazo comprometido é un obxectivo irrenunciable e prioritario para a nosa Comunidade.

3.- Manter, como veu facendo ata o de agora, o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta infraestrutura estratégica para Galicia se produza no prazo comprometido.

4.- Co obxecto de facilitar esta labor de seguimento, demandar do novo Ministro de Fomento que manteña o compromiso do anterior Ministro de efectuar visitas de periodicidade trimestral a Galicia con información dos avances das obras".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 09:30
Nº Rexistro: 32339**

Data envío: 12/06/2018 19:29:10.299

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/06/2018 19:26:43

Martín Fernández Prado na data 12/06/2018 19:26:55

Jaime Castiñeira Broz na data 12/06/2018 19:27:08

María Julia Rodríguez Barreira na data 12/06/2018 19:27:13

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 12/06/2018 19:27:25

Marta Novoa Iglesias na data 12/06/2018 19:27:46

Jacobo Moreira Ferro na data 12/06/2018 19:28:04

Gonzalo Trenor López na data 12/06/2018 19:28:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0033278) Emendas dos Grupos Parlamentarios

■ Grupo Parlamentario

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33278
Data envío: 09/07/2018 14:13:59,135



Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para este fin (doc. núm. 32339).

Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Dirixirse ao Goberno de España para que ratifique a data comprometida de finalización das obras do AVE a Galicia, co obxectivo de que estea funcionando en probas no ano 2019.

2.- Trasladar ao Goberno do Estado que a finalización da alta velocidade entre Madrid e Galicia no prazo mínimo tecnicamente posible é un obxectivo irrenunciable e prioritario para a nosa Comunidade.

3.- Manter unha labor de vixilancia sobre os investimentos estatais e o cronograma previsto para que o remate desta infraestrutura estratégica para Galicia se produza no prazo comprometido, e a estos efectos crear, no marco da Comisión Bilateral de Cooperación Administración Xeral do Estado – Comunidade Autónoma de Galicia, unha Subcomisión coa participación dos responsables de infraestruturas de ambos os dous gobernos, que se ocupará da



Grupo Parlamentario

avalación e impulso das infraestruturas de Galicia e da súa execución orzamentaria.

Partido dos Socialistas de Galicia

4.- Dirixirse ao Goberno de España para que realice coa máxima dilixencia e sen retrasos inxustificables os trámites necesarios para o inicio das obras das licitacions pendentes ou en fase previa á adxudicacions".

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Raúl Fernández Fernández na data 09/07/2018 14:04:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 14:04:32



(0033284) Emendas dos Grupos Parlamentarios



 PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:03
Nº Rexistro: 33284
Data envío: 09/07/2018 17:03:50.644

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta as seguintes emendas á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular núm. 32339 (10/PNP-0002434), incluída na orde do día da sesión plenaria dos días 10 e 11 de xullo de 2018.

Emenda núm. 1 de substitución:

Débese substituír o texto do punto 3.- polo seguinte:

"3.- Elaborar un informe sobre a caída orzamentaria nas infraestruturas galegas por parte de Fomento e o grao de execución desas partidas durante o Goberno de M. Rajoy como Presidente do Goberno do Estado para negociar co novo Goberno a recuperación dos investimentos comprometidos e non executados. Así mesmo comezar a facer o seu labor de vixilancia sobre os investimentos estatais."

Emenda núm. 2 de engádega:

Débense engadir, ao remate da parte resolutiva, os seguintes puntos:

"5.- Solicitar ó Goberno do Estado a realización dunha auditoría sobre a eficiencia e racionalidade dos investimentos realizados polo Goberno Central na alta velocidade.



6.- Solicitar ó Goberno do Estado que realice unha auditoría que determine as causas da alta incidencia de agresións medioambientais producidas en territorio galego polas obras do AVE e que explore a posibilidade de incrementar as sancións ás empresas infractoras.

7.- Solicitar ó Goberno do Estado que recupere o nivel de investimento para as infraestruturas galegas previo á chegada do Partido Popular ó goberno do Estado no 2011.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando
Deputado do G.P. de En Marea
Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 09/07/2018 17:02:55

Luis Villares Naveira na data 09/07/2018 17:03:03

(0033291) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 32339 [10/PNP-002434], do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos compromisos referidos ao avance da execución e data de remate das obras do AVE a Galicia, así como a actuación que debe levar a cabo respecto dos investimentos estatais e o cronograma previsto para ese fin, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de xullo de 2018.

Emenda de adición

Engadir tres novos puntos que pasarían a ser o 5, 6 e 7, co seguinte texto:

“5. Demandar do goberno do Estado o impulso das actuacións e dos investimentos necesarios nos orzamentos do ano 2019 para mellorar a rede ferroviaria interna e a conexión con Portugal:

- Finalización do Eixo Atlántico coa modernización da liña Coruña-Ferrol e construcción da saída Sur de Vigo para a conexión coa fronteira portuguesa.
- Modernización e mellora da liña Ferrol-Ribadeo (antigo Feve)
- Mellora das conexións ferroviarias de Lugo con Coruña e Santiago.
- Conexión dos portos por ferrocarril e desenvolvemento do transporte ferroviario de mercadorías.

6. Demandar do goberno do Estado a transferencia das competencias para a xestión da rede ferroviaria interna.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:42
Nº Rexistro: 33291
Data envío: 09/07/2018 17:42:57.767



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

7. Realizar un estudo para a creación do servizo ferroviario de cercanías naqueles treitos onde exista demanda e uso real ou potencial que o xustifique.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 09/07/2018 17:38:25

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 17:38:30

5.7 10/PNP-002469 (0032700)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central

(0032700) Entrada da iniciativa

Mesa 28.06.2018

A Mesa acorda a admisión a trámite, coa adición na parte resolutoria, despois da expresión “O Parlamento acorda como resolución” do inciso “instar á Xunta de Galicia a...”

 **PARLAMENTO DE GALICIA**
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 21/06/2018 14:13:36.272



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á defensa dunha axenda galega ante o Goberno do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza é un país con enormes potencialidades e é posíbel reverter algúns dos síntoma preocupantes que alertan dun deterioro social en formar de paro, precariedade, emigración, desigualdade e recortes nos servizos públicos. Porén para cambiar estas tendencias, é preciso mudar as políticas económicas e sociais.

Estes anos de gobernos do PP deterioraron e privatizaron servizos públicos e non hai unha política económica orientada a crear emprego de calidade e frear procesos ben preocupantes como a despoboamento de zonas importantes e a crise demográfica. Porén, existen ámbitos importantes que na actualidade seguen dependendo de decisións que se toman lonxe de Galiza, tanto a nivel de Estado como nas institucións Europeas. Decisións que acaban sendo lesivas e poñen paus nas rodas ao desenvolvemento e mellora do benestar das galegas e dos galegos. Agravios e discriminacións que foron constantes nestes anos e que contaron sempre coa complicidade do Goberno Galego: veto a transferencia da AP-9, subas abusivas das peaxes, recortes na capacidade pesqueira de Galiza (destruíndo emprego e futuro na pesca), veto a un sistema de concerto económico, prorrroga a ENCE, retrazos no Ave, veto ao servizo de cercanías



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ferroviarias, débedas na lei da dependencia, veta a unha tarifa eléctrica galega.... Unha situación que condiciona e limita as potencialidades de Galiza. Unha situación que deixa en evidencia a ausencia dunha axenda de país do actual Goberno Galego que actuou subordinado e foi cómplice de todas e cada unha destas decisións.

O cambio de Goberno no Estado debe abrir unha nova etapa. Para iso debemos impulsar, desde o Parlamento, unha axenda galega que asuma un compromiso real na atención ás demandas da nosa sociedade.

Neste marco, desde o BNG consideramos necesario reclamar que se que reverta o dano causado á democracia e os dereitos, reclamando o fin da lei mordaza, da reforma laboral, da LOMCE, e a persecución de ideas políticas como no caso de Cataluña. Mais como galegas e galegos temos que reclamar un cambio en relación con Galiza e as nosas lexítimas aspiracións como pobo.

Para que Galiza saia da irrelevancia política actual e as demandas da nosa sociedade pasen a estar na axenda política é fundamental sumar forzas, reforzar un espazo político propio, coas ideas claras e o centro de decisión na propia sociedade galega.

Polo dito, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento acorda como resolución reclamar ante o Goberno do Estado que se comprometa na actual lexislatura, con prazos concretos e orzamentos, a implementar unha axenda galega que reverta algunas das discriminacións co noso país, e avancemos nun marco democrático con garantías de dereitos e liberdades -individuais e colectivas-. Dentro desta axenda galega deberán incluirse como mínimo as seguintes demandas:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp.bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Transferencia da AP-9 e medidas para acabar coa fin da estafa das peaxes.
2. Derrogar a prórroga de ENCE e calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.
3. Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.
4. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).
5. Creación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.
6. Creación dunha tarifa eléctrica galega, que reduza nun 30% as peaxes que pagamos en Galiza na factura como compensación pola impacto ambiental e social das produción eléctrica no país.
7. Un modelo de financiamento xusto para os concellos galegos que remate coa discriminación de recibir de media 50 euros menos que o resto do Estado.
8. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, que garanta a chegada do Ave a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade, finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña-Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa) e impulse en todo o territorio galego as cercanías.
9. Demanda de incremento competencial: transferencia a Galiza das competencias do sistema portuario galego, dos portos de interese xeral e de tráfico e das



**OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.

10. Un novo modelo de financiamento xusto para Galiza, que nos permita autorresponsabilizarnos e ter capacidade para definir unha fiscalidade axeitada a realidade galega, baixo a fórmula de concerto económico.

11. Modificación da normativa legal do Estado para as administracións poderen proceder á recuperación da xestión directa dos servizos públicos no ámbito estatal, autonómico e municipal.

12. Derrogación da Lei Mordaza, a LOMCE e as contrarreformas laborais aprobadas durante os anos da recesión económica.

13. Blindar o sistema público de pensións incrementando as de menor cuantía. Actualización anual das pensións segundo IPC, recoñecemento da xubilación aos 65 anos, cómputo dos 15 mellores anos para o cálculo da pensión; establecemento do importe da pensión mínima no equivalente ao 60% do salario medio e incremento das pensións non contributivas en 100 euros ao mes.”

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

**Asdo.: Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantíños
Olalla Rodil Fernández**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/06/2018 16:30
Nº Rexistro: 32700
Data envío: 21/06/2018 14:13:36.272



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórcio, s/n Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420 Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 21/06/2018 14:12:31

María Montserrat Prado Cores na data 21/06/2018 14:12:39

Ana Pontón Mondelo na data 21/06/2018 14:12:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 21/06/2018 14:12:42

Olalla Rodil Fernández na data 21/06/2018 14:12:43

Noa Presas Bergantiños na data 21/06/2018 14:12:45

(0033274) Emendas dos Grupos Parlamentarios

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento



Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a demanda dunha axenda galega diante do Goberno central (doc. núm. 32700).

Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno do Estado:

1. A transferencia da AP-9, de acordo á lei aprobada por este Parlamento para a súa remisión ao Congreso dos Deputados.
2. Solicitar a anulación da prórroga concedida a ENCE o 20 de xaneiro de 2016 por un período de 60 anos, de acordo co desenvolvemento dos procedementos xurídicos vixentes.
3. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal dirixida a reivindicar as “Torres ou Pazo de Meirás” como bens demaniais da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público.
4. Garantir o pleno cumprimento da Lei de dependencia, incluído as cuestiós sobre o financiamento compartido entre as Comunidades Autónomas e o goberno do Estado.
5. Creación de xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades galegas.



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia



6. Establecer un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluído o fiscal, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estable a un prezo razonable para as persoas consumidoras.
7. Un modelo de financiamento xusto para as administracións locais galegas que remate con calquera tipo de discriminación para os concellos galegos, de acordo aos criterios defendidos dende a FEGAMP e tendo en conta as propostas da *Comisión de expertos para a revisión do sistema de financiamento local*, segundo informe do 26 de xullo de 2017.
8. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, que garanta a chegada do AVE a Galicia con dobre vía e as máximas medidas de seguridade, continúe co trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña - Ferrol e a saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa), posibilite a conexión Vigo – Ourense por Ceredo, e transfira á Comunidade Autónoma a modalidade do tráfico ferroviario de proximidade.
9. Demanda de incremento competencial en consonancia cas máximas posibilidades recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, en base ao documento existente ao respecto, de novembro de 2005, avalado polo Parlamento de Galicia.
10. Un novo modelo de financiamento autonómico xusto para Galicia, de conformidade coas mociones aprobadas polo Parlamento de Galicia nas sesións plenarias do 7 de febreiro de 2017 e do 6 de marzo de 2018.
11. Modificar a Lei Mordaza, a LOMCE e a reforma laboral de 2012, en consideración ás posicións mantidas polos sindicatos maioritarios.
12. Blindar, no marco do Pacto de Toledo, o sistema público de pensións, e contemplar, entre outras melloras, o incremento real das de menor contía e a actualización anual das pensións dependendo da evolución do IPC”.

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33274
Data envío: 09/07/2018 14:08:43.114



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 09/07/2018 13:52:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia



5.8 10/PNP-002484 (0032887)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia -

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto. (Procedemento de urxencia)

(0032887) Entrada da iniciativa



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887**

Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz** e ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia xustifícase pola finalización dos traballos da Comisión encargada de realizar, a petición do Parlamento de Galicia e por iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, un estudo xurídico para analizar a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitisen incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás; ditame que foi remitido á Cámara o día 26 de xuño; e que ten suscitado numerosas peticóns de rápida resposta por parte da Cámara lexislativa autonómica.

Exposición de motivos:

O Parlamento de Galicia, na súa sesión plenaria dos días 26 e 27 de setembro de 2017, aprobou, a iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, unha Proposición non de Lei pola que se instaba a Xunta de Galicia “a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas Universidades galegas, para analizar a posibilidade e mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitisen incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado Español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao Patrimonio Público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiou no ano 1938”.

Dita proposta xustificábase, en primeiro lugar, nos traballos de investigación histórica que demostraron documentalmente ao longo do tempo, e con particular intensidade nos últimos anos, que a versión dada polas autoridades franquistas durante a guerra civil e os posteriores 40 anos, a versión de que fora unha “ofrenda-donación” voluntariamente realizada polos galegos a quen en 1938 xa se proclamara Xefe do Estado á marxe da legalidade vixente, era unha versión falsa.

En segundo lugar, pola preocupación social que provocou, nos últimos tempos, o uso que os herdeiros do Ditador lle veñen dando ás Torres de Meirás (mesmo infrinxindo as

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

obrigas legais que lle corresponden aos propietarios de bens declarados de interese cultural, feito polo que xa foron sancionados); que anunciaron que lle pretendían dar no futuro (como espazo para “mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco”, obxectivo contraditorio co marco legal vixente); para, finalmente, anunciar a súa venda, un feito que mesmo é cuestionable desde un punto de vista ético incluso dando por boa a versión franquista sobre a adquisición da propiedade.

E, en terceiro lugar, porque os feitos historicamente comprobados e as declaracóns dos actuais posuidores do Pazo e de membros destacados da Fundación Francisco Franco constitúen unha innecesaria ofensa ás vítimas da Ditadura, aos seus familiares, e ao conxunto da sociedade galega; unha sociedade que de xeito moi maioritario considera que o vixente período democrático constitúe unha feliz e pactada superación dunha etapa da nosa historia que nunca máis se debería repetir: a guerra civil e a subseguiente longa e opresiva Ditadura.

Precisamente porque desde o ano 1978 España é un Estado democrático e de Dereito, construído por consenso de todas as forzas políticas democráticas, a iniciativa demandaba actuar conforme a dereito, e evitando, pola mesma lóxica democrática, que o pobo de Galicia tivese que pagar outra vez por unha propiedade que se considera que xa debería formar parte do patrimonio público. E para elo demandaba a constitución dunha comisión técnica e plural, que permitise recuperar Meirás para o patrimonio público de acordo cos principios dun Estado democrático e de dereito, deixando así clara a superioridade moral do noso sistema xurídico sobre calquera outra opción que, tras 40 anos de democracia e respecto á legalidade constitucional, non debe ter acollida dentro da nosa sociedade. Unha iniciativa, en fin, que pretendía afondar nos principios que fixeron da transición unha etapa exemplar da nosa historia: Consenso en torno á democracia constitucional e representativa; non esquecer o pasado para evitar que nunca máis se volvese a repetir; e defender o imperio da lei democrática sobre a discrecionalidade ou a arbitrariedade. Unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular de Galicia que, pese a ser recoñecida como positiva por colectivos sociais que reivindican a reposición de Meirás ao patrimonio público, desafortunada e incomprensiblemente foi votada en contra polos outros tres grupos políticos representados no Parlamento.

A Xunta de Galicia, seguindo o mandato parlamentario, e a diferenza dos lexitimamente impulsados a instancias doutras institucións, constitueu un grupo amplio, plural e cualificado en materias xurídicas e históricas, presidido polo Catedrático de Historia Contemporánea da USC, Dr. Núñez Seixas. Os seus restantes 11 membros foron

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887**

Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

designados con independencia polas institucións ás que se solicitou a súa colaboración: as tres universidades galegas; os colexios oficiais de rexistradores da propiedade e de notarios; así como a Asesoría Xurídica Xeral e a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia; a Deputación da Coruña e o Concello de Sada.

O pasado día 25 de xuño de 2018 o Presidente da Comisión de Expertos fixo entrega de dito Informe á Consellería de Educación, que foi remitido ao Parlamento, xunto coa documentación da comisión (números de rexistro de entrada no Parlamento do 26 de xuño 32833; e 32842) e os anexos que acompañan ao Informe histórico e xurídico (número de rexistro do 27 de xuño 32862).

O Informe dos Expertos, realizado con plena independencia e cumplindo o requerido no mandato parlamentario, conclúe, en síntese, e por unanimidade dos seus integrantes, “que é posible defender en Dereito a adquisición por usucapión da condición de ben de dominio público das ‘Torres de Meirás’ e a aplicación a este inmóvel do réxime xurídico propio dos bens desta natureza, o que, pola súa vez, determina que, en uso da súa lexitimación activa e logo da investigación patrimonial para o efecto e valoración dos datos e documentación mencionados neste informe, a Administración Xeral do Estado poida, no seu caso, exercitar a acción dirixida a reivindicar o ben como demanial e a obter a restitución da súa posesión”.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia declara o seu apoio explícito ás conclusións incluídas no Informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria , en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia sobre as posibilidades de incorporar ao Patrimonio Público a propiedade das ‘Torres de Meirás’, e consecuentemente insta á Xunta de Galicia a remitir urxentemente dito informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais que o Informe recomenda co obxecto de reintegrar as ‘Torres ou Pazo de Meirás’ ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do Estado”.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887**

Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

Santiago de Compostela 27 de xuño de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Núñez Feijóo na data 27/06/2018 15:59:56

Pedro Puy Fraga na data 27/06/2018 16:00:17

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/06/2018 16:00:35

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/06/2018 16:01:07

Paula Prado Del Río na data 27/06/2018 16:01:18

Marta Rodriguez Arias na data 27/06/2018 16:01:36

Diego Calvo Pouso na data 27/06/2018 16:01:58

Raquel Arias Rodríguez na data 27/06/2018 16:04:20

Alfonso Rueda Valenzuela na data 27/06/2018 16:04:30

Beatrix Mato Otero na data 27/06/2018 16:04:43

Francisco José Conde López na data 27/06/2018 16:04:52

José Manuel Rey Varela na data 27/06/2018 16:05:12

Rosa María Quintana Carballo na data 27/06/2018 16:05:24

César Manuel Fernández Gil na data 27/06/2018 16:05:37

Antonio Mouríño Villar na data 27/06/2018 16:05:45

Maria Antón Vilasánchez na data 27/06/2018 16:06:04

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**PARLAMENTO
DE GALICIA**



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887**

Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

Teresa Egerique Mosquera na data 27/06/2018 16:06:14

Carlos Gómez Salgado na data 27/06/2018 16:07:03

María Isabel Novo Fariña na data 27/06/2018 16:07:18

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/06/2018 16:07:41

Jaime Castiñeira Broz na data 27/06/2018 16:07:46

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 27/06/2018 16:08:09

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/06/2018 16:08:29

Moisés Blanco Paradelo na data 27/06/2018 16:08:37

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/06/2018 16:08:47

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/06/2018 16:08:55

Martín Fernández Prado na data 27/06/2018 16:09:14

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/06/2018 16:09:24

Marta Novoa Iglesias na data 27/06/2018 16:09:33

Sandra Vázquez Domínguez na data 27/06/2018 16:09:42

Daniel Vega Pérez na data 27/06/2018 16:09:55

Alberto Pazos Couñago na data 27/06/2018 16:10:02

José González Vázquez na data 27/06/2018 16:10:15

Gonzalo Trenor López na data 27/06/2018 16:10:32

Jesús Miguel Prado Patiño na data 27/06/2018 16:10:42

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/06/2018 16:11:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO
DE GALICIA



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2018 18:17
Nº Rexistro: 32887
Data envío: 27/06/2018 18:17:23.053

Jacobo Moreira Ferro na data 27/06/2018 16:11:23

María Soraya Salorio Porral na data 27/06/2018 16:11:31

María Ángeles García Míguez na data 27/06/2018 16:11:40

Silvestre Balseiros Guinarte na data 27/06/2018 16:11:52

Moisés Rodríguez Pérez na data 27/06/2018 16:12:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

(0033275) Emendas dos Grupos Parlamentarios

■ Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento



Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado-portavoz, Xoaquín Fernández Leiceaga e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou Pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto (doc. núm. 32887).

Emenda de substitución

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar da Administración Xeral do Estado o exercicio da acción legal civil dirixida a reivindicar o Pazo de Meirás como ben demanial da Administración Xeral do Estado e a obter, polo tanto, a restitución da súa posesión, e a súa incorporación ao patrimonio público, seguindo o informe da Comisión de Expertos sobre o Pazo de Meirás nomeada pola Xunta de Galicia e á vista das consideracións histórico – xurídicas do informe da Xunta Pro – Devolución do Pazo de Meirás, promovida pola Deputación provincial de A Coruña.
2. Incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.”

Pazo do Parlamento, 9 de xullo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 16:30
Nº Rexistro: 33275
Data envío: 09/07/2018 14:10:48,382



Grupo Parlamentario

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data **09/07/2018 13:58:21**

Partido dos
Socialistas
de Galicia



**PARLAMENTO
DE GALICIA**

(0033293) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. Popular num. 32887 (10/PNP 002484)**, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 10 e 11 de xullo de 2018.

Débese substituír o texto resolutivo polo seguinte:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

Primeiro- Demandar da Administración Xeral do Estado a que, á vista dos informes elaborados pola Xunta pro-devolución do Pazo de Meirás e Comisión de Expertos, e en exercicio da súa lexitimación activa, interpoña as accións xudiciais reivindicativas oportunas dirixidas ao obxectivo de incorporar o Pazo-Torres de Meirás ao Patrimonio público, para o seu posterior uso conveniado como espazo da memoria histórica democrática de Galicia.

Segundo.- Persoarse en dito procedemento xudicial no momento procesual oportuno, e na condición de parte coadxuvante adhesiva.



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 17:51
Nº Rexistro: 33293**
Data envío: 09/07/2018 17:51:11.636



Terceiro.- Dar traslado do seguinte acordo, así como dos informes e documentación referidos anteriormente, á Administración Xeral do Estado, Congreso, Senado e grupos parlamentarios das Cortes Xerais.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018.

Asdo.: Antón Sánchez García
Deputado e Voceiro S. do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 09/07/2018 17:50:32

(0033298) Emendas dos Grupos Parlamentarios



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Ana Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á Proposición non de lei**, doc. núm. **32887 [10/PNP-002484]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das conclusións inseridas no informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para analizar as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das torres ou pazo de Meirás, así como a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 10 de xullo de 2018.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento galego adopta como Resolución:

1. Expressar o apoio ás persoas que o pasado 30 de agosto de 2017 participaron nunha acción pacífica e simbólica de ocupación do Pazo de Meirás, co obxectivo de reclamar a intervención dos poderes públicos para recuperar un patrimonio que debe ser do pobo galego.
2. Manifestar o rexeitamento a respecto da demanda interposta pola Fundación Nacional Francisco Franco, Carmen Franco Polo e José Cristóbal Martínez Bordiú Franco contra 19 demócratas que participaron na citada ocupación pacífica e simbólica, e que son acusados de delitos de odio, contra o honor, danos e violación de morada.
3. Expressar a condena e rexeitamento do uso do Pazo de Meirás por parte da Fundación Nacional Francisco Franco para facer apoloxía do xenocidio fascista, da



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/07/2018 18:21
Nº Rexistro: 33298**

Data envío: 09/07/2018 18:21:07.545



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórces, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ditadura e do Ditador, e en consecuencia demandar que se inicien accións encamiñadas á ilegalización da citada Fundación.

4. Recoñecer o importante traballo que se resume tanto do informe realizado polo encargo da Deputación da Coruña e a Xunta Pro-Devolución do pazo de Meirás e polo informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria e instar á Xunta de Galiza a remitir este informe, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado coa petición de que se realicen todas as accións necesarias para a recuperación -sen ningún custe para as administracións públicas- dos bens expoliados pola familia Franco e nomeadamente as relacionadas coa recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público, para a súa posterior conversión en espazo da memoria histórica democrática galega.”

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 09/07/2018 16:42:02



PARLAMENTO
DE GALICIA